



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas Externas I

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Prácticas Externas I | | | |
| Código | P02M081V01209 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 12 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa Didáctica, organización escolar e métodos de investigación Didácticas especiais Dpto. Externo Psicoloxía evolutiva e comunicación | | | |
| Coordinador/a | Martínez Lemos, Rodolfo Ivan Martínez Figueira, María Esther | | | |
| Profesorado | Alfonso Gil, Sonia Martínez Figueira, María Esther Martínez Lemos, Rodolfo Ivan Soto Carballo, Jorge Genaro Torres Santiago, María Rocío | | | |
| Correo-e | esthermf@uvigo.es ivanmartinez@uvigo.es | | | |
| Web | http://webs.uvigo.es/masterapoiioeducativo/ | | | |
| Descrición xeral | Esta materia ten como obxectivo que os estudantes coñezan de modo práctico institucións, centros e servizos que traballen con colectivos de persoas con necesidades específicas de apoio educativo | | | |

Competencias de titulación

| | |
|--------|---|
| Código | |
| A1 | Saber aplicar sistemas de avaliación e intervención á determinación das necesidades educativas especiais dos estudantes con discapacidade intelectual, motriz e sensorial; de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto sociocultural, de discriminación por razóns de xénero, clase e etnia e de dificultades de aprendizaxe específicas (lectura, escritura e cálculo) delimitando os ámbitos prioritarios de actuación e os apoios requiridos para promover a aprendizaxe significativa e relevante. |
| A2 | Saber detectar e analizar posibles barreiras para o acceso ao currículo, a aprendizaxe e a participación do alumnado con necesidades educativas especiais e problemas de aprendizaxe. |
| A3 | Coñecer os sistemas adecuados para intervenir na mellora da competencia persoal do alumnado naqueles ámbitos do seu desenvolvemento psicolóxico, social, de actividade física e deportivo que poidan relacionarse coas súas necesidades educativas especiais. |
| A4 | Xerar destrezas para aprender a deseñar, en colaboración co profesorado de aula, plans de traballo individualizado para o alumnado con necesidades educativas específicas integrados na resposta organizativa do centro e nos servizos de apoio, utilizando as TIC e favorecidos por actividades de deporte adaptado ou paralímpico e que potencien actividades de saúde e calidade de vida. |
| A5 | Aprender a colaborar cos servizos psicopedagóxicos e de orientación familiar, promovendo a mellor resposta educativa. |
| A6 | Saber avaliar as implicacións do uso de diferentes respostas educativas ante os problemas derivados da atención á diversidade. |
| B1 | Saber aplicar os coñecementos adquiridos sobre o funcionamento dos procesos neuropsicolóxicos, das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento, a través de respostas axustadas de tipo organizativo, curricular e social dos centros educativos e os servizos de apoio, incluíndo a actividade física para poboacións especiais. |

- B2 Ser quen de sintetizar e integrar os coñecementos adquiridos sobre avaliación e intervención para aplicalos en contextos sociais e de aprendizaxe do estudante, conforme ás necesidades de apoio das persoas con necesidades específicas, así como a promoción da actividade física tendo en conta a poboacións especiais, fomentado melloras na súa saúde e calidade de vida, desde a intervención para a atención á diversidade sen diferenciar en canto a xénero, oportunidades e accesibilidade para todos.
- B3 Desenvolver e saber comunicar adecuadamente o resultado dos seus programas de asesoramento e de intervención educativa coas familias de persoas con dificultades de aprendizaxe e desenvolvemento, fomentado a participación como unha metodoloxía para a integración, e estimulando a realización de proxectos que, tendo en conta os valores democráticos da sociedade europea actual, inclúan as Tics, o deporte adaptado e a actividade física para persoas con distintas capacidades.
- B4 Saber xeneralizar a distintos contextos e situacións o coñecemento e as destrezas adquiridas e continuar estudando en gran medida de modo autónomo como procura de solucións e alternativas ás cuestións expostas, axustando as habilidades pertinentes de aprendizaxe autodirixida, incluíndo reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas que supón a atención á diversidade.

Competencias de materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---------------------------------------|----------|
| Coñecer a estrutura e finalidade dos servizos e institucións nos que se realicen as prácticas e a documentación básica na que se sustente a actividade do servizo ou institución. | A3 A4 | B2 |
| Observar sistematicamente as actuacións dos profesionais en diferentes contextos educativos, sociais, comunitarios, etc., e colaborar con eles no que se considere pertinente | A2 A4 | B4 |
| Diagnosticar necesidades e problemas educativos especiais e deseñar algunha proposta de intervención específica de inclusión e normalización especialmente de grupos específicos | A3 A4 | B2 |
| Detectar e intervir a través de actividades co fin de favorecer o desenvolvemento e aprendizaxe e as persoas con discapacidade | A2 A4 | B2 |
| Coñecer a aplicación e o funcionamento das TIC no desenvolvemento profesional e como ferramentas para a intervención | A4 | B1 B3 |
| Adquirir destrezas e actitudes vinculadas á comunicación, traballo colaborativo con profesionais de diferente formación e responsabilidades e o asesoramento interpersoal en ámbitos socioeducativos | A5 A6 | B4 |
| Adquirir condutas de respecto e axuda, en especial con persoas ou colectivos en risco de exclusión social ou de marxinación | A1 | B2 |
| Ser capaz de elaborar unha memoria que reflecta as aprendizaxes máis importantes adquiridos no practicum, seguindo unha estrutura recomendada polo titor/a do máster. | A2 A3 A4 | B1 |

Contidos

| Tema | |
|---|--|
| Coñecemento das características dos centros de prácticas | Obxectivos, programas, accións, recursos humanos e materiais, etc. para o desenvolvemento de actividades de aprendizaxe e deportivas dirixidas a poboacións con necesidades específicas de apoio. |
| Familiarización coas actividades e procedementos que levan a cabo nos centros educativos que traballan con poboacións con necesidades de apoio educativo. | Distintos tipos de actividades académicas e actividade física e deportiva con poboacións con necesidades específicas de apoio educativo Coñecemento e familiarización con ferramentas para avaliación e intervención con persoas con necesidades de apoio educativo |
| Deseño de actividades e programas | Proposta, programación e desenvolvemento de programas e accións nos centros de prácticas. Avaliación e seguimento de programas de intervención |
| Elaboración de memorias de progreso | Avaliación e seguimento de programas de intervención |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|--------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias | 5 | 0 | 5 |
| Obradoiros | 50 | 60 | 110 |
| Prácticum | 70 | 95 | 165 |
| Informes/memorias de prácticas | 0 | 20 | 20 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| Descrición |
|---|
| Actividades introdutorias Orientacións sobre a planificación, deseño e realización das actividades prácticas realizadas en centros, servizos e organizacións relacionados coas necesidades de apoio educativo |

| | |
|------------|--|
| Obradoiros | Talleres enfocados o coñecemento de procedementos para avaliación e a intervención con persoas con necesidades específicas de apoio educativo, así como o familiarización cos sistemas de comunicación específicos (Braille, LSE, SAAC) e o dominio de ferramentas para o autoaprendizaxe, baseadas en entornos persoais de aprendizaxe. |
| Prácticum | Traballo independente tutorizado de prácticas en institucións, organizacións e centros educativos que inclúan poboacións con necesidades de apoio educativo |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------------|--|
| Prácticum | Orientacións ao alumnado de forma presencial (en aula ou titoría) ou de forma non presencial (correo electrónico ou campus virtual) sobre cuestións relacionadas coas propostas de prácticas e as memorias |
| Obradoiros | Orientacións ao alumnado de forma presencial (en aula ou titoría) ou de forma non presencial (correo electrónico ou campus virtual) sobre cuestións relacionadas coas propostas de prácticas e as memorias |
| Probas | Descrición |
| Informes/memorias de prácticas | Orientacións ao alumnado de forma presencial (en aula ou titoría) ou de forma non presencial (correo electrónico ou campus virtual) sobre cuestións relacionadas coas propostas de prácticas e as memorias |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|--------------------------------|---|---------------|
| Prácticum | Informe dos titores/as externos sobre a asistencia e realización das distintas actividades prácticas | 50 |
| Informes/memorias de prácticas | Elaboración dunha memoria sobre as actividades de prácticas de acordo a unhas criterios previamente sinalados | 50 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

O Practicum I terá unha duración de 120h que os estudantes realizarán en varios centros, servizos e organizacións que traballan con persoas con discapacidade, tanto no ámbito educativo como deportivo. Asimesmo contará cunha serie de obradoiros previos e simultaneos a realización das prácticas externas.

Previamente o alumnado recibirá a información e documentación necesaria para levar a cabo estas prácticas, sobre as que terán que realizar unha memoria final.

Para superar a materia é necesario obter un 5 no Informe do Titor e un 5 na Memoria Final.

As actividades non superadas en primeira convocatoria poderán ser superadas ou recuperadas na convocatoria de Xullo.

Bibliografía. Fontes de información

CID SABUCEDO, A., DOMÍNGUEZ PRIETO, E. y RAPOSO RIVAS, M. (1998). La práctica reflexiva como medio de construcción del pensamiento práctico de tutores y tutorandos. En M. A. ZABALZA BERAZA (ed.), Los tutores en el practicum: Funciones, formación y compromiso institucional (219-234). Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra.

GARCÍA FERNÁNDEZ, A. (2006). La tutoría y la relación profesor-alumno en la formación para la inserción laboral. Revista de Educación (Madrid), 341, 197-211.

GUTIÉRREZ CUENCA, L., CORREA GOROSPE, J. M., JIMÉNEZ DE ABERASTURI APRAIZ, E. y IBÁÑEZ ETXEBERRIA, A. (2009). El modelo reflexivo en la formación de maestros y el pensamiento narrativo: estudio de un caso de innovación educativa en el Practicum de Magisterio. Revista de Educación (Madrid), 350, 493-505.

IGLESIAS FORNEIRO, M. L. (2005). La tecnología audiovisual al servicio del practicum: el vídeo y la fotografía digital. En L. IGLESIAS FORNEIRO, M. A. ZABALZA BERAZA, A. CID SABUCEDO y M. RAPOSO RIVAS (coord.), El practicum como compromiso institucional: los planes de prácticas (1211-1214). Santiago: Unidixital.

LATORRE MEDINA, M. J. (2007). El potencial formativo del practicum: cambio en las creencias que sobre la enseñanza práctica poseen los futuros maestros. Revista de Educación (Madrid), 343, 249-273.

LOBATO FRAILE, C. (ed.) (1996). Desarrollo profesional y prácticas/practicum en la universidad. Bilbao: Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco.

MARTÍNEZ FIGUEIRA, M. E. (2010b). Ser tutor, ¿Cuestión de personalidad o de profesionalidad?. Revista Educativa de Orientación y Psicopedagogía, 21 (3), 1-6.

MOLINA RUIZ, E., IRANZO GARCÍA, P., LÓPEZ LÓPEZ, M. C. y MOLINA MERLO, M. A. (2008). Procedimientos de análisis, evaluación y mejora de la formación práctica. Revista de Educación (Madrid), 346, 335-361.

RAPOSO RIVAS, M. (2002). Contribuciones de las Tecnologías de la Información y la Comunicación al desarrollo del practicum de futuros docentes. En L. IGLESIAS FORNEIRO, M. A. ZABALZA BERAZA, A. CID SABUCEDO y M. RAPOSO RIVAS (coord.), Desarrollo de competencias personales y profesionales en el practicum (1-21). Lugo: Unicopia.

RAPOSO RIVAS, M. y SARCEDA GORGOSO, M.C. (2007). La integración de las TIC en la supervisión del Practicum. En A. CID SABUCEDO, M. MURADÁS LÓPEZ, M. A. ZABALZA BERAZA, M. GONZÁLEZ SANMAMED, M. RAPOSO RIVAS y L. IGLESIAS FORNEIRO (coord.), Buenas prácticas en el practicum (1091-1101). Santiago de Compostela: Imprenta universitaria.

SCHÖN, D.A. (1992). La formación de profesionales reflexivos. Hacia un nuevo diseño de la enseñanza y el aprendizaje en las profesiones. Barcelona: Paidós-MEC.

ZABALZA BERAZA, M. A (1989). Teoría de las Prácticas. La formación práctica de los profesores. En M. A. ZABALZA BERAZA (coord.), Actas del II Symposium sobre prácticas escolares (15-40). Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra.

□ (2004). Condiciones para el desarrollo del practicum. En Profesorado, Revista de curriculum y formación del profesorado, 8 (2), 1-22.

□ (2005). El aprendizaje experiencial como marco teórico para el Practicum. En L. IGLESIAS FORNEIRO, M. A. ZABALZA BERAZA, A. CID SABUCEDO y M. RAPOSO RIVAS (coord.), El practicum como compromiso institucional: los planes de prácticas (19-34). Santiago: Unidixital.

□ (2007). Buenas prácticas en el practicum: bases para su identificación y análisis. En A. CID SABUCEDO, M. RAPOSO RIVAS y A. PÉREZ ABELLÁS, El practicum: buenas prácticas en el Espacio Europeo de Educación Superior (7-34). Santiago: Tórculo.

ZEICHNER, H. (1993). A formação reflexiva de professores: ideias e práticas. Lisboa: Educa.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas Externas II/P02M081V01210

Traballo Fin de Máster/P02M081V01208

Outros comentarios

RECOMÉNDASE:

- A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.

- A asistencia continuada ás sesións de clases e ás titorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes

- O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.
